

The Muros Times

REVISTA DIXITAL MURADANA
DE ARTE E CULTURA

ESPECIAL DECEMBRO—2018

CAMPÁS DE MUROS E SERRES (I)

POR

Xosé Troiano Carril





The Muros Times

ESPECIAL DECEMBRO—2018

CAMPÁS DE MUROS E SERRES (I)

POR

Xosé Troiano Carril

Carta do Director:

Benquerid@s lector@s:

En primeiro lugar, a miña máis sentida felicitación e agradecemento a Xosé Troiano Carril, por este magnífico traballo sobre as campás de Muros e Serres, traballo que temos a honra de publicar neste especial da Revista Dixital Muradana The Muros Times.

Xosé Troiano Carril é un Camariñán comprometido coa arte, cultura, historia e tradicións da Costa da Morte, tendo publicado multitude de traballos en diferentes medios, entre eles na páxina web www.patrimoniogalego.net, páxina dun proxecto que ten por obxectivos elaborar un Catálogo Social do Patrimonio Cultural galego, e onde (non podía ser doutra maneira), Xosé Troiano inclúe as terras de Muros, como parte do seu facer e saber sobre o patrimonio artístico e cultural muradán.

Un dos últimos traballos de Xosé Troiano foi a posta ao público do seu libro “*Camariñas, corazón da Costa da Morte*”, que foi publicado por la Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía, dentro da súa colección Historia e Etnografía Galega. Con todo, Xosé Troiano Carril e outros moitos investigadores teñen a Muros e as súas terras por referencia, proba tanxible de que Muros é un cheo de arte e historia.

As páxinas de TMT estarán sempre abertas a calquera tipo de traballo que poña en valor a Muros, e dende estas liñas invito a cantos queiran facelo, a participar neste noso andar. Muros e as súas xentes o agradecerán e as xeracións futuras poderán coñecer e desfrutar de elementos de estudo cos que afondar máis no gran tesouro histórico-cultural, que é Muros.

Reitero, e nome propio e dos colaboradores de TMT, a noraboa e agradecemento a Xosé Troiano Carril, polo seu facer sobre Muros.

Dende as lonxanas terras da emigración, unha agarimosa aperta a tod@s.

Jorge Lago.



Director: Jorge Lago Rama - Editor: Manuel Lago Álvarez

Difusión da Cultura—

Depósito legal : C2437-2013

AS CAMPÁS

Un pouco de historia

Este prólogo sobre as campás é o mesmo que foi presentado no Anuario Brigantino, número 40, ano 2017, pero revisado e aumentado para esta ocasión. As campás son instrumentos musicais de percusión determinada e un idiófono (o son prodúcese por vibración do seu material primario), feitas de bronce como material principal, mais adoita habelas en pequenas formas de ouro, ferro ou prata.


Dende o momento de empezar a estudar as campás, por experiencia propia, o que comeza cunha ilusión convértese en paixón por tratar de chegar o máis lonxe posible a ese mundo das campás, algo que forma parte indispensable na vida dos pobos e que hoxe, por desgraza, caeu no máis lastimoso dos esquecementos.

Resulta difícil sinalar con precisión a súa orixe xa que non hai constancia exacta dos seus comezos. Como ben escribiu Xerardo Dasairas Valsa¹ no seu libro "Campás e campaneiros", *"sería inútil buscar a que época se remonta o uso dos sinos"*, pois cada autor remontárase a épocas e culturas distintas ou semellantes. Empregadas dende as máis antigas civilizacións e citándoas en diferentes ocasións no Antigo Testamento, aínda que non con este nome, pobos como os asirios, exipcios, gregos ou romanos foron logo adoptados polos cristiáns. A finalidade deste instrumento era avisar a comunidade con sinais sonoros tipificados e que coñecía todo o poboado para anunciar algún evento ou avisar do que acontecía.

Primeiramente aparecen baixo o término "signum", aparecendo baixo o vocábulo "campá" por primeira vez en Italia no século VI. Supóñese que foron fabricadas primeiramente na localidade de Nola, na Campania, atribuíndoselle a invención a san Paulino, bispo desa cidade². Sería el quen as introduce no culto

divino cara o ano 412, aínda que non aparecen mencionadas nas súas cartas. Mais no ano 585, san Gregorio de Tours³, semella ser o primeiro escritor cristián que fala das campás, referíndose a elas como "signa".

No século V o poeta latino Avieno⁴, cita a palabra "nola", coa que se denominou a campá nos primeiros tempos. No resto de Europa a súa aparición sitúase nos séculos VII e VIII. Os antigos escritores mencionan cinco clases de campás: "squila", a que



se empregaba no refectorio; "cimbalo", no claustro; "nola", no coro; "nolula", na do reloxo e "signum" a que estaba na torre ou atalaia.

Este traballo vai estudar o aspecto histórico, aínda que tamén se debería estudar outros aspectos diferentes como o aspecto musical e o socio-cultural.

Antigamente chamábase os fieis facendo ruído cuns leños. Xudas Macabeo e os seus irmáns xa tocaron as campás ó dedicar o novo altar do templo, que tivo que ser renovado ó ser contaminado polos infieis. ("Macabeos"-Lib I- cap. 4).

O Papa Sabiano⁵ quen dirixiu a igrexa dende o 604 ó 606, mandou que se colocaran campás en todas as igrexas e que tocaran sempre que o clero fose a cantar no coro os oficios divinos, ordenando que se fixera o mesmo nas misas solemnes e nas procesións das distintas festividades sacras.

O gran vehículo de difusión das campás foron os mosteiros, aínda que os primitivos cenobios seguían as súas regras particulares. Non podemos falar de regras monásticas determinadas ata o século IX, aínda que é certo que no IV Concilio de Toledo (s. VII), xa se coñecía na península a regra Bieita⁶.

O referirmos a campá dende o seu punto de vista histórico, tamén falamos da súa epigrafía, que é no

que está baseada neste traballo. Na epigrafía podemos estudar dous aspectos, por un lado o contido das inscricións e por outro a escritura propiamente dita. As máis antigas teñen a variación lóxica da convivencia de varias relixións: a hebrea, a máis escasa; a árabe e a latina, esta última a máis utilizada.

En Galicia, as inscricións fixéronse primeiramente en latín e máis tarde en castelán e galego en menor medida. Os tipos de letras empregadas eran o gótico e a latina. Por desgraza non quedan moitas coa primeira, aínda que os exemplares que se conservan permítenos coñecer detalles da súa utilización.

Nas inscricións, moitas veces descubrimos as persoas que as mandaron facer ou contribuíron a súa fundición. Xa ben entrado no século XV, estas inscricións tomábanse de textos sagrados e facían referencia á advocación relixiosa a que fose dedicada a campá. Máis adiante, faise constar a sinatura do fundidor e a data ou ano da súa feitura, data importante para o seu posterior estudo, aínda que non sempre, lamentablemente sexa así, pois nalgunhas veces, a marca do fundidor no aparece.

En canto a tipoloxía das campás houbo diferentes formas a través da historia, pero as formas máis usuais en Galicia, dende a Idade Media, son dúas: a de perfil romano e perfil esquilonado, sendo esta última a máis estendida e xeneralizada. Pode haber exemplos de combinación de campás esquilonadas e romanas, como na igrexa parroquial de Santiago de Arteixo, sendo máis habitual en lugares como Aragón, País Vasco, A Ríoxa ou Castela e León.

O perfil esquilonado ou esquilon é propio de campás esveltas, con perfil estilizado e sinuoso. Moito máis fermosas e afinadas con respecto o seu son que o das campás romanas, que presentan un perfil máis toscos, rectilíneo, de ombreiro moito máis ancho non así en grosor que é menor, tendo normalmente en tamaño maior.

Antigamente a vida dos pobos xiraba ao redor da igrexa nos tempos que o único reloxo que había era

o sol; as campás soían estar no punto máis alto do poboado, no alto do campanario das igrexas. Ao longo da historia perdéronse moitos dos toques sonoros por non ser precisos coa súa función.

O xeito de tocar dependía en gran medida da costume de cada pobo ou parroquia, había diferentes toques como os toques de oración ou civís; toques que informaban de catástrofes ou perigos para que os veciños se reuniran xunta o campanario para axudaren, toques que marcaban as horas, toque do Ángelus que soaba tres veces o día no amencer, o medio día e a hora de voltar a casa despois da xornada de traballo no campo.

Toque de a clamor ou de defuntos, de gloria, de misa e de protección para evitar que as tronadas chegaran ó poboado ou para que amainaran...

Hoxe en día, os poucos campaneiros que quedan, tan só tocan a defunto ou o inicio da misa. Os toques a defunto teñen formas distintas de tocar en cada comarca ou mesmo dentro dun mesmo concello. Na costa da Morte normalmente tócase dúas badaladas grandes e unha pequena se morre un home, cando morre unha muller son dúas pequenas e unha grande. Mais hai diferenza, en Vimianzo e nas parroquias de Calo e Cambeda; se morre un home son tres xeiras coa grande e despois dous toques coa pequena e un coa grande. Se é muller, dúas xeiras coa grande e despois dous toques coa pequena e un coa grande. Se morre un cura párroco serían catro xeiras coa campá grande e tocarían todas as igrexas do concello ou concellos limítrofes. En zonas da provincia de Pontevedra, a advocación da igrexa é a que marca as badaladas. Se a igrexa ten advocación a un santo; morrendo un home serían tres badaladas grandes e unha pequena e, para unha muller, tres badaladas pequenas e unha grande. Pero si a advocación é unha santa, se morre unha muller serían tres badaladas grandes e unha pequena e para un home, tres pequenas e unha grande. En resumo, cada parroquia e cada campaneiro ríxense por normas diferentes pero que o pobo

coñece ben e sabe cando morre unha persoa de diferente sexo.

O vello oficio ou vocación de campaneiro remóntase á Idade Media e vai ligado coa historia da igrexa. Os primeiros en facer soar as campás eran os curas das igrexas, monxes ou sancristáns dos distintos templos, pero ao medraren estes e ó pasar a ser colexiatas ou catedrais aumentaban a cantidade de campás e as dimensións destas, ata chegaren a ser auténticos colosais de grandes toneladas de peso. Entón comeza o inicio do oficio de campaneiro.

A aprendizaxe faise coa visualización dos máis veteranos e ca práctica durante anos, requírese ter "moito oído" para apreciar os sons, corrixilos e acelerar ou retardar a velocidade do golpeo das campás. Frecuentemente os campaneiros seguen ca profesión ata idades avanzadas e atópanse con dificultades no momento de subir importantes cantidades de escaleiras en espirais ata chegar ó campanario e realizar manualmente o volteo das campás para facer resoar.

Os accidentes están presentes cas subidas e baixadas nas húmidas pedras das escaleiras en épocas invernales e coñécese casos de mortes por electrocución por raios das treboadas.

A falta de fe na relixión cristiá limita a participar nas actividades das igrexas. Na actualidade estanse colocando sistemas de automatización eléctricos con controis remotos e programación das badaladas mediante ordenadores ou smartphones. Estas circunstancias dificultan o oficio ou vocación de campaneiro, un dos máis antigos e tradicionais. Aínda hai moitas campás que emiten o seu son producidas a golpe do seu badalo pero como xa comentamos antes, automatízanse, e o seu son é producido a golpe de mazo ou martelo, tanto na súa parte interior como no exterior. Estes teñen que ser tamén de ferro doce, pois se fosen de aceiro acabarían por danar a campá.

Os sons das campás seguen tendo un papel impor-

tante na cultura galega e nalgunhas igrexas parroquiais seguen facéndose oír mediante a constancia dos veciños que tocan: á misa, ao defunto ou nos días de festa. Co despoboamento do medio rural fan que os templos relixiosos queden no esquecemento e as súas campás sexan obxectivo do vandalismo, para roubar e cortalas en anacos e vender no



mercado negro ou por peso en talleres de fundición, coma na igrexa se San Benito de Seráns⁷ (Porto do Son) ou da parroquia de Goas, Abadín, Lugo⁸. Perdendo así un símbolo que forma parte da cultura galega e de gran valor no seu patrimonio histórico. Polo Camiño de Santiago chegou un relato que narra o final trágico que tivo a cidade afundida de Lucerna en Vilaverde, escrita na Historia Turpini que forma parte do Códice Calixtino.

A historia era tan brillante que se filtrou na imaxinación do pobo; á incompreensión e o temor ás catástrofes naturais causaba inquietudes e medos que asociaban con castigos divinos e o ser humano sentiu a necesidade de transmitir coa literatura oral/popular. Polo tanto na mitoloxía galega sempre se menciona que nas cidades asolagadas por castigos ou maldicións nas noites de San Xoán, coa lúa chea pódense escoitar emerxendo das augas os sons das campás soando a defunto, un son que vén das profundidades, un son que ven do Alén, como ocorre na lagoa de Antela, Cospeito, Carregal e Vixán (Corrubedo) ou a de Xarfas (Louro). Cun significado dentro da cultura galega que vai máis aló da linguaxe das badaladas...

"A lenda da lagoa de Xarfas ou de Louro contan que hai unha vila asolagada por causa de que un día de temporal o mar sobrepasou as dunas e asolagou o lugar cos seus moradores. Tamén contan que na noite de san Xoán, emerxen das augas as badaladas das campás e os berros das persoas e animais que pereceron⁹".

Para rematar, convén facer unha pequena descrición das diferentes partes que compoñen a campá. Denomínase "faldrá" o corpo da campá, que é a máis grosa na parte inferior e onde o badalo ou electro-mazo golpea para facela soar. O borde chámase "voo" e a parte central "meseta", onde se soe colocar as dedicatorias.

A parte superior ou "coroa" é por onde se suxeita firmemente ao xugo, que logo fará de contrapeso. Normalmente o xugo é de madeira suxeita á campá por uns tirantes de ferro fixados con parafusos. O xugo pode ser tamén de ferro sendo mellores os primeiros. No interior da campá hai un anelón onde se suxeita o badalo. O peso deste debe ser un 3,5 % do da campá, feito en ferro e case sempre rematado en forma de pera.

E xa rematando, para describilas campás da igrexa parroquial de San Pedro, Capela de San Roque e parroquial de San Xoán de Serres, todas do concello de Muros, comezaremos de arriba abaixo denominando as seguintes partes: A parte superior onde vai situada a coroa "ombreiro" (O); un centímetros máis abaixo, "terzo" (T), onde se sitúan as inscricións de advocación da campá e o ano da súa fundición; o "medio" (M), normalmente onde se sitúa a cruz e nalgúns veces a marca do fundidor ou unha gran cita; o "medio pé" (MP), onde tamén vai unha cita ou inscrición na que nos di que a mandou facer, que a fixo e onde a fixo. Por último, o "pé" (P), que viría sendo o "voo" da campá e que nalgúns veces vai decorado por un ou varios cordóns e tamén onde se pode colocar a marca de fabrica dalgúns campaneiros.

En Galicia hai e houbo moitos fundidores, a maioría cántabros ou de orixe cántabra. Hoxe tan só queda en activo "Hermanos Ocampo" de Arcos da Condesa en Caldas de Reis. Estes aínda elaboran campás fundíndoas case igual, de forma artesanal, como cando empezou esta familia, aló polo ano 1630. Outros como "J. Liste" en Orazo, A Estrada; Juan M^a De La Sota en Lugo ou os "Blanco Palacios" en Mondoñedo, entre outros, desapareceron deixando unha herdanza histórica e case muda nos campanarios galegos.



Notas:

¹Xerardo Dasairas Valsa, "Campás e campaneiros" . Ir Indo, Etnografía, año 2004. Páx.13.

²Adela M^a Pellón Gómez de Rueda, "Campaneros de Cantabria" . Centro de Estudios Montañeses, Santander, año 2000. Páx.15.

³Rafael Quintía e Rosalía Rodríguez, "A linguaxe das campás. Etnografía dos sinos". A.C. Os Chichisos. Páx. 12.

⁴Adela M^a Pellón Gómez de Rueda, "Campaneros de Cantabria" . Centro de Estudios Montañeses, Santander, año 2000. Páx.15.

⁵Adela M^a Pellón Gómez de Rueda, "Campaneros de Cantabria" . Centro de Estudios Montañeses, Santander, año 2000. Páx.16.

⁶Instituciones de jurisprudencia eclesiástica: Apéndice al t. IV y ..., Volume 4. Paul Joseph Ritter Von Riegger. Páx. 86-88.

⁷Las campanas robadas en Galicia se venden al peso, a menudo en Galicia. La voz de Galicia. 07/01/2017

⁸Roban las campanas de una iglesia de Abadín. El Mundo, Galicia. 16/03/2011.

⁹Lenda popular contada por varias veciños da zona.

Campás de Muros e Serres

Por Xosé Troiano Carril

Campás da parroquial de San Pedro de Muros



A igrexa parroquial de Muros de San Pedro, antigamente coñecida como Colexiata de Santa María do Campo, foi mandada construír por D. Lope de Mendoza no século XIV, segunda a inscrición que se atopa encravada na porta principal, rematándose sobre o ano 1400.

A súa torre-campanario de traza barroca do ano 1757, preséntase no lateral dereito da fachada, dividíndose en tres corpos superpostos, de planta cadrada. O inicio do segundo corpo presenta unha balaustrada no corpo das

campás. De catro ocos de medio punto sostido por pilastras molduradas onde penduran as tres campás que agora mesmo ten. Remata este corpo nunha cornixa decorada con pináculos de bola, e tambor octogonal calado con cúpula no derradeiro corpo. Como dixemos, a torre-campanario ten tres campás, mais, esta igrexa ten outras tres, unha no campanil traseiro e outra no campanil do vértice da fachada frontal. A terceira é unha campá que se atopa no interior da igrexa ó ser substituída por unha nova e que estaba na súa orixe no campanil frontal. A razón





Campá situada detrás da igrexa de San Pedro de Muros.

de substituíla foi por que lle caeu un raio no ano 2003 e fendeuna por varios sitios. As campás en activo presentan xugos de madeira en bo estado. As campás da torre-campanario tócanse mediante electro-mazos.

A campá grande, neste caso, non está situada no frontal da torre, como sería normal na maioría dos casos, senón que está situada á dereita. Ten unhas medidas de 113 cm de diámetro cun alto interior de 96 cm, sendo o seu peso duns 835 kg.

No "terzo" (T) da campá ten unha cenefa a modo de triángulos cos vértices cara arriba e decoradas cunha flor no seu interior. Séguenlle dous cordóns e unha inscrición: "CAMPANA SAN JOSE ANO DE 1911". Remata a decoración nes-

ta parte con dous cordóns e unha cenefa igual a anterior pero cos vértices cara abaixo.

No medio" (M), sitúase unha figura dun báculo pastoral (insignia propia dos bispos e abades), entrecruzado cunha férula papal (representando a cruz de tres brazos, coñecida tamén pola cruz do pescador). Tres cordóns moi finos pasan polo medio destas figuras. Abaixo destas figuras sitúase unha imaxe dunha escena que pode facer alusión a un acto solemne litúrxico. Outro relevo historiado de mesma factura ca anterior, sitúase na parte contraria da campá, tal vez alusivas ambas, o acto do nomeamento dun bispo ou ben unha alusión a concesión da Colexiata.

No "medio pé" (MP), a decoración é igual que no terzo, cenefa a modo de triángulos cos vértices cara arriba e decoradas cunha flor no seu interior. Séguenlle dous cordóns e unha inscrición: "SE HIZO SIENDO CURA DON JOSE SOUTO YGLESIAS · FUNDIDA POR J. LISTE EN ORAZO". Remata a decoración nesta parte con dous cordóns e unha cenefa igual a anterior pero cos vértices cara abaixo.

No "pé" (P) remata a decoración con tres cordóns finos.

Os Liste tiñan o seu taller de fundición na parroquia de Orazo (A Estrada). O primeiro deles, Juan Liste Pereira aprenderá o oficio grazas aos fundidores ambulantes

cántabros que percorrían toda España. Cos datos que temos a día de hoxe, podemos dicir que un tal Palacio, posiblemente transmerano, Cantabria, fixo sociedade cun xove Juan Liste e asinarían campás durante máis de trinta anos. Aparecen asinadas só como J. Liste a partires do ano 1872, asinando de igual maneira o seu fillo,



Campá situada no lateral dereito do campanario da igrexa de San Pedro de Muros, fundida por José Liste Villanueva en Orazo (A Estrada).

José Liste Villanueva, que lle sucede trala morte do seu pai en 1909. As campás feitas polos Liste van dende o ano 1839 (San Cristovo de Corzón, Mazaricos) ata o 1917 (campanil da parroquia de San Pedro de Muros, antiga Colexiata de Santa María), aínda que hai campás firmadas ata o ano 1924, información aportada por un gran



Campá situada no lateral esquerdo do campanario da igrexa de San Pedro de Muros, fundida por Palacio e Juan Liste Pereira en Orazo (A Estrada).

estudoso das campás galegas como é Estanislao Fernández de la Cigña Núñez.

As sinaturas habituais de Liste e Palacio, segundo datos recollidos a día de hoxe, son : "PALACIO Y LISTE EN ORAZO" ou "P Y L EN ORAZO" durante os anos que van dende 1839 ata 1871. De 1872 en adiante, as sinaturas serían: "P^R J. LISTE EN ORAZO", "LISTE EN ORAZO", "FUNDIDA POR J. LISTE EN ORAZO" e "LISTE ME HIZO EN ORAZO".

Esta campá segundo o portal www.muros.gal/es/iglesias, foi un agasallo de Montero Ríos, facendo a viaxe ata Muros nun carro de vacas. Os anciáns que na actualidade



residen na vila, refírense a ela como "a campá de Montero".

A campá situada no lateral esquerdo da torre é a pequena, contando cunhas medidas de 80 cm de diámetro, 67 cm de altura interior e uns 296 kg de peso.

No "terzo" (T) da campá ten dous cordóns continuando coa inscrición: "IHS M^A. Y JOSE ANO D. 1866". Remata a decoración nesta parte con dous cordóns máis.

No medio" (M), sitúase unha cruz con pedestal de cinco chanzos, decorada a base de pétalos e raias entrecruzadas formando cadradiños.

No "medio pé" (MP), a decoración é igual que no terzo, dous cordóns e unha inscrición: "PALACIO Y LISTE EN ORAZO". Remata a deco-



Campá situada no frontal da torre-campanario da igrexa de San Pedro de Muros

ración da campá con dous cordóns. (Nota: a "N" está escrita ó revés).

Como xa comentabamos antes, un tal Palacio, posiblemente transmerano, Cantabria, fixo sociedade cun xove Juan Liste e asinarían campás durante máis de trinta anos. A última campá asinada por Palacio en Orazo foi a da

igrexa da Nosa Señora da Xunqueira de Cee, no ano 1871. Asinaría en solitario desta forma: "P^R PALACIO EN ORAZO". Posiblemente a partires desta data, falecería e seguiría en solitario co taller de fundición, o seu socio, Juan Liste Pereira".

A derradeira campá da torre-campanario é a mediana, situada no frontal contando cunhas mediadas de 91 cm de diámetro, 76 cm de altura interior e uns 436 kg de peso.

No "terzo" (T) da campá ten unha cenefa a modo de triángulos cos vértices cara arriba. Séguenlle dous cordóns e unha inscrición: "JHS MARIA Y JOSEF ANO DE 1824". Remata a decoración nesta parte con dous cordóns máis.

No medio" (M), sitúase unha cruz con pedestal de cinco chanzos, decorada a base de estrelas. Cruza un cordón pola metade da cruz.

No "medio pé" (MP) pecha a decoración da campá con tres cordóns. Esta campá é anónima por non ter a marca de fábrica pero, segundo a decoración e a epigrafía da mesma, delata aos "Hermanos Ocampo" de Arcos da Condesa en Caldas de Reis. *Estes levan facendo campás dende 1630 e hoxendía, seguen a facelas como toda a vida, de modo artesanal. Unha das últimas feitas por eles está situada en San Xulián de Beba (Mazaricos), no ano 2017 e coa particularidade de estar escrita en galego: "XESUS MARIA E XOSE".*

Nota: a "J" está escrita ó revés.

A campá situada no campanil traseiro da igrexa non chega ós 40 cm de diámetro. Non temos medidas ó non ter acceso a ela, aínda que si poidemos sacar imaxes dela. O campanil fórmalo un arco de ferro forxado que soporta

a campá. Ten xugo de madeira nunhas condicións regulares e a campá tócase por medio dunha corda.

No "terzo" (T) da campá ten dous cordóns continuando coa inscrición: "IHS MARIA Y JOSE ANO DE 1894". Remata a decoración nesta parte con dous cordóns máis.

No medio" (M), sitúase unha cruz potenciada, con pedestal de tres chanzos, decorada a base de pétalos e raias entrecruzadas formando cadradiños. Pasan dous cordóns finos pola metade da cruz.

No "medio pé" (MP), a decoración é igual que no terzo, dous cordóns e unha inscrición: "FUNDIDA POR J. LISTE EN ORAZO" e outros dous cordóns.

No "pé" (P) remata a decoración da campá con dous cordóns. (Nota: a "N" está escrita ó revés).

A campá situada no campanil frontal, situada no vértice da fachada da igrexa, ó igual ca anterior, tampouco chega ós 40 cm de diámetro. Non temos medidas ó non ter acceso a ela, aínda que si poidemos sacar imaxes dela. O campanil, de pedra, fórmalo un arco de medio punto que soporta a campá. Ten xugo de madeira novo e a campá tócase por medio dun electro-mazo.


No "terzo" (T) da campá ten dous cordóns continuando coa inscrición: "MUROS DE SAN PEDRO". Remata a decoración nesta parte

con dous cordóns e unha cenefa a modo de triángulos cos vértices cara abaixo e con decoración vexetal.

No medio" (M), sitúase unha cruz con pedestal de catro chanzos formados por triángulos no pedestal e de rombos nas paos. Están decorados con motivos vexetais. Na parte posterior, sitúase a marca do fundidor, un óvalo coa inscrición: "RIVERA / ME FECIT / MONTEHERMOSO (CACERES) / ESPAÑA".


No "medio pé" (MP), a decoración é igual que no terzo, dous cordóns e unha inscrición: "AÑO 2012" e outros dous cordóns.

Campás Rivera foi fundado por D. Gabriel Rivera en 1860 en Montehermoso (Cáceres). No 2004 funde unha campá para a igrexa de Santiago de Arteixo de 55 cm de diámetro e 96 kg



de peso. No 2007 funde dúas campás para o convento de Santo Domingo da Coruña, a "STA. CRISTINA Y STA. JULIA" de 61 cm de diámetro e 131 kg de peso e a "SAN ALONSO Y STA. BEATRIZ", de 50 cm de diámetro e 72 kg de peso.

A derradeira campá desta parroquial de San Pedro de Muros está no interior da igrexa, exposta nun lateral a carón do altar. Trátase dunha campá que rachou por mor dun raio que lle caeu nun dos temporaís do ano 2003, situada no cam-



Campanil situada no vértice da fachada da Igrexa de San Pedro de Muros



Campá fundida por José Liste Villanueva e esnaquizada por un raio no 2003.

panil frontal da igrexa. Esta campá ten unhas medidas de 49 cm de diámetro, 41 cm de altura interior e 68 Kg de peso. Aínda conserva o xugo de madeira. No "ombro" (O) ten dous cordóns.

No "terzo" (T) da campá ten dous cordóns continuando coa inscrición: "IHS MARIA Y JOSE ANO DE 1917". Remata a decoración nesta parte con dous cordóns máis.

No medio" (M), sitúase unha cruz potenciada, con pedestal de tres chanzos, decorada a base de pétalos e raias entrecruzadas formando cadradiños. Pasan dous cordóns finos pola metade da cruz.

No "medio pé" (MP), a decoración é igual que no terzo, dous cordóns e unha inscrición:



Marca de fábrica do campanil frontal

"FUNDIDA POR J. LISTE EN ORAZO" e outros dous cordóns.

No "pé" (P) remata a decoración da campá con tres cordóns. (Nota: a "N" está escrita ó revés).

Capela de San Roque



Capela de San Roque

A edificación actual, datada en 1765 segundo o cardeal Hoyos, foi reedificada sobre outra igrexa existente datada en 1609. A capela é moi sinxela, composta por unha soa nave de planta rectangular, dividida en tres tramos por arcos de medio punto que sosteñen unha cuberta a dúas augas. A capela maior da cabeceira, de planta cadrada e cuberta con bóveda de aresta, acada maior altura ca nave principal, sobresaíndo volumetricamente ao exterior, cunha cuberta a catro augas. Destaca no exterior a porta lateral no lado do Evanxeo, cunha pequena escalinata de acceso, portada de arco de me-

dio punto rematada cun frontón triangular e dúas pilastras estriadas nos laterais.

A fachada principal presenta bastante simplicidade, seguindo un esquema pentagonal e no seu eixo vertical central, organízase de abaixo arriba, mediante unha porta rectangular. Sobre o ingreso vai un oco de luz rectangular. Rompendo o vértice do pentágono, unha base para unha espadana dun corpo formado por un arco de medio punto que descansa sobre piares e que serve para aloxar a campá. Esta ten xugo de madeira en bo estado e tocase a man.

No "terzo" (T) da campá ten dous cordóns continuando coa inscrición: "JESUS MA Y JOSE ANO DE 1869". Remata a decoración nesta parte con dous cordóns máis.

Nota: A primeira "S" está ó revés e a "MA" están intercaladas.

No medio" (M), sitúase unha cruz potenciada, coa imaxe de Santa Bárbara facendo de pedestal, decorada a base de pétalos. Debaixo da imaxe ten a inscrición seguinte: "S. BARBARA / POR / PALACIO / EN BEJAN".

No "medio pé" (MP), remata a decoración da campá con tres cordóns. Non temos medidas

por non ter acceso a ela.

O mestre fundidor é Palacio, posiblemente da saga dos Palacio de Mondoñedo xa que a campá está feita en Bexán. San Paio de Bexán ou Rubiños é unha parroquia do concello lugués de Cospeito, na comarca da Terra Cha e zona de influencia desta familia de campaneiros. Outra campá feita coa mesma marca do fundidor sitúase na Colexiata de Santa María do Campo da Coruña, do ano 1868 e cunhas medidas de 58 cm de diámetro, 49 cm de alto interior e 113 kg de peso.



Campá feita por Palacio en Bexán (Lugo), na capela de San Roque de Muros.

Igrexa de San Xoán de Serres



A igrexa de San Xoán de Serres, segundo o portal www.muros.gal/es/iglesias, "*non hai constancia da data da súa construción, aínda que a partida máis antiga que se conserva no seu arquivo data de 1600, por elo, suponse que tamén daquela debería existir algún tipo de igrexa. No século XVIII a Confraría da Nosa Señora das Dores paga a construción da capela titular, incorporada ó corpo principal da igrexa. No 1892 faise unha ampliación importante, quedando este edificio con planta de cruz latina: sancristía, presbiterio, nave central e dúas capelas. En 1984 remodelábase o presbiterio, desprazándose cara adiante o altar de pedra que estaba incorporado ó retablo; tamén do mesmo material, e engádese*

un sagrario de pedra atopado entre escombros. En 1991 amplíase de novo, quedando a nave central de forma cuadrangular. O deseño actual non se encadra en ningún estilo definido".

A fachada principal, de tres tramos estando a principal máis adiantada cas laterais. De traza pentagonal e dende un eixo vertical central, organízase de abaixo arriba, mediante unha porta rectangular adovelada. Sobre o ingreso vai un pequeno oco circular que ilumina o coro e, rompendo o vértice da fachada unha base para unha espadana de dous corpos flanqueada por dous pináculos. O primeiro corpo da espadana está formado por dous arcos de medio punto sobre piares moldurados que serven pra aloxa-las



Campá grande situada á dereita do campanario de San Xoán de Serres.

campás. O segundo un frontón triangular curvo cun oco circular, flanqueado por dous pináculos e coroado cun pináculo cunha cruz de forxa. Presenta dúas campás con xugos de madeira novos e tócanse por medio dunhas cadeas.

Campá grande, lateral dereito:

Epígrafes:

No "terzo" (T) ten unha cenefa seguida de dous cordóns continuando coa inscrición: "JHS MARIA Y JOSE ANO DE 1943". Síguenlle outros dous cordóns.

No "medio" (M) sitúase unha cruz con pedestal de catro chanzos, flanqueado por dous



Detalle da campá grande.

cirios en oblicuo e decorados por estrelas. Cinguen dous cordóns finos polo medio da cruz.

No "medio pé" (MP) péchase a decoración con catro cordóns. Pegado o derradeiro cordón sitúase a marca de fábrica coa inscrición: "JUAN OCAMPO / METALES FINOS / Fundidor de Cam-



Inscrición e marca de fábrica das dúas campás co nome de Juan Ocampo.

panas / PONTEVEDRA / CALDAS DE REYES”.

Medidas: 84 cm de diámetro, 65 cm de alto interior e pesa uns 343 kg.

Campá pequena, lateral esquerdo:

Epígrafes:

No “terzo” (T) ten unha cenefa seguida de dous cordóns continuando coa inscrición: “JHS MARIA Y JOSE ANO DE 1944”. Séguenlle outros dous cordóns.

No “medio” (M) sitúase unha cruz con pedestal de tres chanzos, flanqueado por dous cirios en oblicuo e decorados por estrelas. Cinco un cordón ancho polo medio da cruz. Na

parte contraria e pegado a este cordón, hai unha inscrición que di: “FUERON ADQUIRIDAS POR / SUBSCRIPCION PARROQUIAL / SIENDO CURA PARROCO DON / MANUEL LAGO LADO”.

No “medio pé” (MP) péchase a decoración con tres cordóns. Pegado o derradeiro cordón sitúase a marca de fábrica coa inscrición: “JUAN OCAMPO / METALES FINOS / Fundidor de Campanas / PONTEVEDRA / CALDAS DE REYES”.

Medidas: 84 cm de diámetro, 65 cm de alto interior e pesa uns 343 kg.

Nota: Todo fai indicar que foron mercadas o

mesmo tempo aínda que foron fundidas cun ano ou meses de intervalo, xa que esta última campá; a pequena, fala en plural, ademais de estar feitas polo mesmo fundidor.

OCAMPO, HERMANOS: Dende 1630 elaboran campás en Arcos da Condesa, Caldas de Reis, nun taller de fundición de campás de metais finos a cargo dos "Hermanos Ocampo". Hoxe é o único obradoiro de Galicia que se mantén fiel a unha tradición centenaria.

Este taller foi fundado por D. Felipe Blanco Paz en Souto da Saniña, no lugar de Ameal (Arcos da Condesa). Despois de 100 anos de activida-

de, Juan Jerónimo Blanco traslada o obradoiro en 1734 a un novo emprazamento na mesma zona do Ameal. Outro Juan Gerónimo Blanco volve a trasladar o obradoiro o lugar de Badoucos. A mediados do século XIX, Juan Ramón Ocampo Blanco traslada outra vez o obradoiro a outra zona do Ameal pero en 1886, D. Melchor Ocampo traslada o taller ó lugar de Badoucos, a súa ubicación actual, sucedendo a este D. Juan Ocampo que faleceu en 1954, pai dos actuais propietarios. O taller está hoxe a cargo de Enrique López García e do seu fillo José Enrique López Ocampo, que segue a levar o apelido e que perpetúa a tradición de fundir campás de forma



Inscripción e marca de fábrica das dúas campás co nome de Juan Ocampo.



Detalle de campá pequena situada á esquerda do campanario da igrexa de San Xoán de Serres.

artesanal. Ben é certo que son 6 irmáns coñecidos como "os campaneiros", todos colaboran pero a dirección e xestión lévaa Laureano e Manuel, aínda que a parte artesá corre a cargo de Enrique López.

O proceso de elaboración das campás, segue a ser o mesmo empregando como materias primas: o barro, a leña e o bronce.

O máis complicado do proceso é a elaboración dos moldes. Trátase de tres moldes de barro superpostos, dos que se elimina a parte intermedia, facendo encaixar os outros, onde se introducirá o metal fundido. Os moldes entérranse baixo terra, e fanse uns regueiros, polos que circula o metal fundido, que se

introduce no molde por un oco que queda aberto.

A marca de fábrica, en xeral ben asinada como: "FABRICADA POR OCAMPO EN ARCOS DE LA CONDESA", ou "HERMANOS OCAMPO / METALES FINOS / FUNDIDOR DE CAMPANAS / PONTEVEDRA / CALDAS DE REYES / ARCOS DE LA CONDESA". Así e todo, nalgunhas campás ben asinada polo fundidor como "JUAN OCAMPO ..." entre os anos 1927 e 1954 ou por "MELCHOR OCAMPO..." nas campás da Igrexa da Ponte do Porto, Camariñas, no ano 1912 ou na campá do mosteiro de San Xiao de Moraime, Muxía, en 1826, de 102 cm de diámetro e 614 kg de peso.

En Galicia hai moitísimas campás desta fábrica pero fora de Galicia tamén as hai, destacando 4




Campá pequena situada á esquerda do campanario da igrexa de San Xoán de Serres.

campás para a Catedral de Santa María La Real de la Almudena, Madrid. A máis grande, de case 2000 kg. fundiuse en 1998 coa denominación de "Santa María de la Almudena".

Bibliografía:

- DASAIRAS VALSA, X. (2004): "Campás e campaneiros". IR INDO EDICIÓNS, Etnografía, Vigo.
- DASAIRAS VALSA, X. (1997): "De campanas y campaneros, La "Casa dos Campaneiros" de Arcos da Condesa". NARRIA: Estudios de artes y costumbres populares 77-78 (1997): 20-23. Universidad Autónoma de Madrid. Facultad de Filosofía y Letras. Museo de Artes y Tradiciones Populares.
- FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA NÚÑEZ, E. (2013): «Introdución ás firmas, marcas, selos e sinetes dos fundidores das campás de Lugo». Revista de Investigación «ETNOGRAFIA», nº 5. I.S.S.N. 1989 – 8541.
- FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA NÚÑEZ, E. (2013): "O falar das campás" (Estudo sobre as campás de Pontearreas e as súas parroquias). 132 pp. Asociación para a Cultura e a Ecoloxía (AGCE), S.L. Mos.
- TROIANO CARRIL, X.(2018): "Campás das igrexas de Santiago, San Xurxo e Santa María do Campo da Coruña". Anuario Brigantino 2017, nº 40. PP 393-410.



COLABORA:

CONCELLO DE MUROS